

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11417 *Real decreto lei 31/2020, do 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.*

I

A pandemia mundial derivada da COVID-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde o día 11 de marzo de 2020, tivo unha especial incidencia no sistema educativo, que empezou coa suspensión da actividade educativa presencial en todos os ciclos, graos, cursos e niveis de ensino, establecida con carácter xeral polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma.

Desde ese momento, o Goberno, a través do Ministerio de Educación e Formación Profesional, en coordinación co Ministerio de Sanidade e con todas as administracións educativas, desenvolveu unha intensa actividade. Nun primeiro momento, ao suspenderse a actividade docente presencial, produciuse unha rápida mobilización para facilitar acceso a materiais educativos en liña, crear plataformas, pór en servizo con RTVE un programa de televisión educativa de 5 horas diarias de emisións ou facilitar dispositivos doados por empresas. Ao mesmo tempo, publicáronse as ordes necesarias que flexibilizaban a duración e as condicións de realización do módulo profesional de Formación en Centros de Traballo, así como dos proxectos de formación profesional dual que condicionaban a titulación do alumnado de formación profesional.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional potenciou a coordinación coas comunidades autónomas, como administracións con competencias educativas, coas que se realizaron 21 reunións (entre elas, 7 conferencias sectoriais con todos os conselleiros e conselleiras de todas as comunidades), ademais de manter un contacto permanente. O Goberno tomou a iniciativa para propor medidas como a continuidade do curso, a aposta pola educación a distancia, o axuste das programacións, así como dos mecanismos de avaliación, promoción e titulación para adaptalos á situación de docentes e estudantes, así como a reapertura parcial en maio dos centros escolares e a realización presencial das probas para o acceso á universidade e ás ensinanzas de formación profesional. Todas estas medidas convertéronse en acordos vinculantes para as comunidades autónomas que as adoptaron e que en ningún momento viron modificadas as súas competencias en educación.

En xuño, o Goberno propuxo, e foron acordadas polas comunidades autónomas, as medidas educativas para a organización do curso escolar 2020-2021, recollidas nun Acordo de 14 puntos do 11 de xuño de 2020. Igualmente, trasladouse ás administracións educativas a Guía de medidas de prevención e hixiene elaborada conxuntamente co Ministerio de Sanidade, para o desenvolvemento dos protocolos autonómicos. Estas medidas axustáronse e detalláronse na conferencia conxunta de Educación e Sanidade do 27 de agosto. Ao mesmo tempo, o Goberno mobilizou recursos por máis de 3.000 millóns entre o Fondo COVID, a notable elevación dos créditos destinados a bolsas, o Programa «Educa en dixital» de investimento en dixitalización, en plans de reforzo educativo como o PROA+, ReactivaFP e o Plan de modernización de formación profesional.

Neste momento, ante o comezo efectivo do curso 2020-2021, a educación e o funcionamento seguro dos centros educativos convertéronse en preocupacións sociais prioritarias, que merecen unha atención tamén prioritaria por parte dos poderes públicos, que deben dar resposta a esta situación con rigor, medida, responsabilidade e compromiso, polo que cómpre desenvolver novas medidas excepcionais, e de carácter temporal.

Estas medidas foron debatidas e consensuadas coas comunidades autónomas, como administracións competentes en materia educativa, no marco da Conferencia Sectorial celebrada o 24 de setembro de 2020, e responden ás preocupacións expresadas por elas.

II

A pandemia volveu pór de manifesto o papel central e esencial que cumpre o persoal docente no sistema educativo. A súa entrega, compromiso e profesionalidade foron fundamentais para manter o servizo público da educación nas difíciles condicións do final do curso 2019-2020, e agora no comezo do curso 2020-2021.

As medidas de prevención e contención necesarias para o mantemento da saúde pública obrigaron a atrasar a convocatoria de procedementos selectivos para o ingreso aos corpos de funcionarios docentes, coa finalidade de asegurar o benestar e a saúde dos participantes, evitando situacións de elevada confluencia de persoal que puidesen favorecer a transmisión do virus. Por tanto, con carácter xeral, pospúxose ao ano 2021 a convocatoria de procedementos selectivos para o ingreso nos corpos de funcionarios docentes que imparten ensinanzas non universitarias.

As medidas adoptadas para un comezo e desenvolvemento seguro do curso 2020-2021 obrigan ao reforzo dos cadros de persoal docente, que deberán cubrirse, en moitos casos, de maneira urxente con funcionarios interinos. Nesta situación, para facilitar a efectiva cobertura dos postos que sexan necesarios, cómpre revisar, de maneira limitada e temporal, algúns requisitos de titulación para o exercicio da docencia, en concreto, o máster que acredita a formación pedagóxica e didáctica de posgrao.

O artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que, para exercer a docencia nas diferentes ensinanzas reguladas nela, será necesario estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza. Pola súa parte, a disposición adicional novena da mesma lei, que establece os requisitos para o ingreso nos corpos de funcionarios docentes, exige estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica a que se refire o citado artigo 100.2, para o ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, o corpo de profesores técnicos de formación profesional, o corpo de profesores de música e artes escénicas (excepto especialidades de Arte Dramática), o corpo de profesores de artes plásticas e deseño e o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas. Tanto o artigo 100.2 como a disposición adicional novena da Lei orgánica de educación teñen carácter básico, pero non de lei orgánica, segundo especifican as súas disposicións derradeiras quinta e sétima.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, regula a formación pedagóxica e didáctica. Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensino de idiomas, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de posgrao, de acordo co exixido polos artigos 94, 95 e 97 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para isto, será necesario que o correspondente título de máster cumpra as condicións incluídas no Acordo do Consello de Ministros, do 14 de decembro de 2007, polo que se establecen as condicións ás cales deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas, e fose verificado de acordo co disposto na Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas. Así mesmo, a Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro, establece a formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica exixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente para efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster.

Non obstante, na situación actual, na cal os protocolos deseñados polo Goberno e as administracións educativas para a volta segura á actividade académica obrigan a reforzar de maneira urxente os cadros de persoal docente, pode darse a situación de que, en

determinados lugares ou para determinadas materias, ámbitos ou módulos, non se dispoña de suficientes candidatos idóneos que estean en posesión do máster, ou formación equivalente, que acredite a formación pedagóxica e didáctica.

De maneira excepcional, e limitada até a finalización do curso académico en que as autoridades correspondentes determinen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19 que motivaron a súa aprobación, permítese que as administracións educativas poidan nomear funcionarios interinos para os corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores de escolas oficiais de idiomas, que non estean en posesión do máster ou formación equivalente que acredite a formación pedagóxica e didáctica de posgrao, para prazas adicionais derivadas das medidas motivadas pola pandemia da COVID-19, cando non sexa posible nomear candidatos que estean en posesión do dito máster.

A vixencia do presente real decreto lei queda vinculada, polo tanto, á duración da situación excepcional derivada da pandemia orixinada pola COVID-19, excepto o disposto sobre a regulación das avaliacións finais de etapa, e sobre as convocatorias de estabilización do profesorado interino, que se esgotarán cando se cumpran as previsións normativas que as xustifican.

III

Tamén en materia de persoal, debe reiterarse o compromiso co obxectivo de diminuír a taxa de temporalidade no emprego no ámbito docente, a través da futura convocatoria das prazas ofertadas dentro do plan de estabilización do emprego temporal, obxectivo que foi manifestado por todas as administracións educativas na reunión da Conferencia Sectorial de Educación celebrada o pasado 25 de marzo de 2020.

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, acometeu o proceso de estabilización de emprego temporal no sector público, en consonancia co Acordo asinado o 29 de marzo de 2017 polo Goberno coas organizacións sindicais. O número 6 do artigo 19.un da dita lei prevé unha taxa de reposición adicional para estabilización de emprego temporal que incluíría até o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016. As prazas resultantes debían incluírse nunha oferta de emprego público que debía ser aprobada e publicada no boletín oficial correspondente antes da finalización dos anos 2017, 2018 e 2019, e as convocatorias debían publicarse no prazo improrrogable de tres anos desde a publicación da oferta respectiva.

Mediante o Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, modificouse o Real decreto 276/2017, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introducindo unha nova disposición transitoria terceira, pola que se regulaban os procedementos selectivos de ingreso que se realizasen en execución das ofertas públicas de emprego que, ao abeiro do disposto no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017, aprobasen as distintas administracións educativas e se publicasen nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2019.

Posteriormente, o artigo 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, ademais de manter o establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, autorizou unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal. Dado que este artigo di «ademais» do establecido no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, resulta claro que non supón unha derogación del, senón que complementa o proceso que se inicia en 2017. Ben que a Administración educativa non está especificamente mencionada, como o están outros sectores e colectivos, ese precepto da Lei 6/2018, do 3 de xullo, termina coa expresión xenérica «así como outros servizos públicos». Se en 2017 se destacaba especificamente

a Administración educativa como beneficiaria do proceso de estabilización, e o precepto do 2018 é unha extensión, ou unha adición deste proceso, non cabe dúbida de que debe estenderse á Administración educativa, que evidentemente constitúe un servizo público e, ademais, de natureza esencial. O carácter de «servizo público» da educación xa se declarou na Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e de financiamento da reforma educativa, e no ordenamento xurídico vixente, con base no artigo 27 da Constitución, estableceuse na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e conságrase no artigo 108.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Finalmente, o artigo 11 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, amplía as habilitacións para a execución da oferta de emprego público e dos procesos de estabilización de emprego temporal. Por unha parte, con carácter excepcional, a habilitación temporal para a execución da oferta de emprego público e dos procesos de estabilización de emprego temporal previstos no artigo 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, mediante a publicación das correspondentes convocatorias de procesos selectivos regulada no artigo 70.1 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, cuxo vencemento se produza no exercicio 2020, entenderase prorrogada durante o exercicio 2021. Por outra parte, amplíase até o 31 de decembro de 2021 o prazo para aprobar e publicar nos respectivos diarios oficiais as ofertas de emprego público que articulen os procesos de estabilización de emprego temporal referidos. Nos demais aspectos estes procesos ateranse aos requisitos e condicións establecidos en cada unha das citadas leis de orzamentos.

Por tanto, é necesario e urxente asegurar que as previsións da disposición transitoria terceira do Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, se apliquen tamén aos procedementos selectivos de ingreso que se realicen en execución das ofertas públicas de emprego que, ao abeiro do disposto no número 9 do artigo 19.un da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sexan aprobadas polas distintas administracións educativas e publicadas nos respectivos diarios oficiais até 2021, para garantir a uniformidade e coherencia dese proceso de estabilización.

IV

En materia de ensino non universitario, faise necesario asegurar uns niveis comúns de exigencia que garantan a calidade dos títulos académicos, ao tempo que se dá resposta ás diferentes situacións xeradas pola pandemia. Para alcanzar ese obxectivo resulta imprescindible realizar algunhas adaptacións que permitan aos estudantes continuar desenvolvendo o seu proceso de aprendizaxe.

Así, co fin de facilitar a adaptación das programacións didácticas ás circunstancias derivadas das decisións que se adopten sobre presencialidade do alumnado nos centros, outórgase o carácter de orientativos aos estándares de aprendizaxe avaliábeles. Autorízase tamén a modificación dos criterios de avaliación e promoción para todos os cursos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, así como os criterios para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, o título de bacharelato, e as titulacións correspondentes á formación profesional.

Prevese, igualmente, a modificación dos criterios de avaliación, promoción e permanencia nas ensinanzas de idiomas, así como a adecuación dos principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial ás circunstancias excepcionais derivadas da pandemia.

Así mesmo, suprímense as avaliacións de final de etapa de educación primaria e secundaria obrigatoria que, a partir do Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, perderon todo efecto académico, ao teren unicamente un carácter mostral e finalidade diagnóstica, e respecto do calendario escolar, consideraranse días lectivos todos aqueles en que se preste atención e apoio educativo ao alumnado, xa sexa de forma presencial como a distancia.

V

Por outra parte, nestas circunstancias excepcionais, os centros privados non universitarios poden encontrarse con dificultades, igualmente, para que as súas ofertas de emprego poidan ser atendidas polas persoas que reúnan os requisitos de formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente. Con obxecto de asegurar a adecuada atención educativa aos alumnos, permítese, excepcionalmente, que nestes centros privados non universitarios e só durante o tempo de duración da pandemia provocada pola COVID-19 poidan impartir a docencia persoas que contén con todos os requisitos exixidos excepto o de formación pedagóxica e didáctica establecido no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente.

VI

No ámbito da formación profesional do sistema educativo, establécense medidas excepcionais en materia de ordenación e organización das ensinanzas, que serán de aplicación naqueles casos en que resulte imposible o seu desenvolvemento de acordo coa ordenación e organización previstas na normativa básica do Estado. Desde a consideración da importancia da práctica en empresas dos estudantes e o seu carácter insubstituíble, as actuais circunstancias poden facer inviable o desenvolvemento deste tipo de prácticas en determinados sectores e territorios. Corresponde, por isto, permitir, desde a normativa básica, unha flexibilización que, só naqueles casos imprescindibles, permita finalizar os seus estudos aos estudantes. Así, poderase autorizar a redución excepcional do módulo de Formación en Centros de Traballo ao mínimo exixido nos reais decretos que establecen cada título e as súas ensinanzas mínimas. Así mesmo, as administracións educativas competentes poderán, cando non exista alternativa viable, substituír a estancia en empresas, propia da formación en centros de traballo, por unha proposta de actividades asociadas ao ámbito laboral.

Esta medida faise extensible tamén ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas, coas adaptacións adecuadas ás súas respectivas características.

Polo que se refire aos certificados de profesionalidade da formación profesional para o emprego, regulados polo Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, tamén se establecen medidas excepcionais, durante o curso escolar 2020-2021, para a realización do módulo de Formación Práctica en Centros de Traballo, cando non sexa posible a realización efectiva nun ámbito empresarial.

VII

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F.X. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F.X. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F.X. 3; 189/2005, do 7 de xullo, F. 3; 68/2007, F.X. 10, e 137/2011, F.X. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, por tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionala (SSTC 29/1982, do 31 de maio, F.X. 3; 182/1997, do 20 de outubro, F.X. 3, e 137/2003,

do 3 de xullo, F.X. 4)». A regulación que se propón está xustificada polas circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que se expuxeron, que xustifican a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (STC 142/2014, F.X. 3 e STC 61/2018, FF XX 4 e 7).

O presente real decreto lei respecta os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo pois non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Con este real decreto lei dáse resposta ás aspiracións da comunidade educativa e ás demandas dos responsables das diferentes administracións educativas, para solucionar de forma urxente a situación de emerxencia no desenvolvemento da actividade docente e educativa, que se produciu como consecuencia da pandemia orixinada pola COVID-19. Non é posible recorrer a outros procedementos normativos dado que xa se iniciou o curso escolar e as previsións de evolución da pandemia non permiten dilatar máis no tempo a actuación do Goberno, ao cal lle compete o establecemento da normativa básica en materia educativa. Igualmente, a seguridade xurídica e a correcta prestación do servizo público educativo exigen que as comunidades autónomas contén, coa maior celeridade posible, co marco normativo básico a partir do cal poidan realizar a súa ordenación e xestión da actividade docente e educativa.

Estas razóns xustifican que se regulen os aspectos contidos neste real decreto lei, con este instrumento normativo que é acorde constitucionalmente, e que constitúen parte da normativa básica no ámbito educativo non universitario, aínda que en condicións normais se terían establecido ben a través da lei ou ben a través doutras disposicións regulamentarias. Pero, como xa se expuxo, a súa vixencia queda condicionada á duración da pandemia, e, ao mesmo tempo, respéctase para o futuro o rango das disposicións que neste real decreto lei se modifican.

VIII

Este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste modo, cúmprese co principio de necesidade que quedou plenamente xustificado. Igualmente, dáse cumprimento aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, e destácase que as medidas que incorpora son congruentes co ordenamento xurídico e incorporan a mellor alternativa posible dada a situación de excepcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación encóntrase exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Finalmente, respecto do principio de eficiencia, non se impoñen máis cargas que as estritamente necesarias.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais; do artigo 149.1.18.^a, que lle atribúe as bases do réxime estatutario dos funcionarios, e do artigo 149.1.30.^a, que lle atribúe a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de setembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito e vixencia.*

1. As medidas que se aproban no presente real decreto lei refírense ás ensinanzas comprendidas no artigo 3.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, excepto á universitaria, así como á formación profesional para o emprego asociada ao Sistema nacional de cualificacións profesionais.

2. Salvo o disposto nos artigos 3 e 7, as medidas incluídas neste real decreto lei permanecerán vixentes até a finalización do curso académico en que as autoridades correspondentes determinen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19 que motivaron a súa aprobación.

CAPÍTULO II

Medidas en materia de persoal docente non universitario

Artigo 2. *Exención temporal do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao, ou equivalente, para o nomeamento de funcionarios interinos nomeados con carácter excepcional para prazas necesarias para a atención docente orixinada pola pandemia da COVID-19.*

1. As administracións educativas competentes determinarán as necesidades de novas prazas docentes nos seus respectivos centros educativos, cuxa cobertura resulte necesaria para o cumprimento das medidas aprobadas para responder á pandemia da COVID-19 e garantir un desenvolvemento adecuado e seguro da docencia. Isto suporá a creación automática das ditas prazas, que se amortizarán ao finalizar o curso en que desaparezan os motivos sinalados de urxente necesidade que orixinaron a súa creación.

2. Exclusivamente para a cobertura das prazas a que se refire o número anterior, se se esgotan as listas de persoas aspirantes ao desempeño de postos en réxime de interinidade e, se for o caso, as de demandantes de emprego, daqueles que estean en posesión do título oficial de posgrao que acredite a súa formación pedagóxica e didáctica, ou formación equivalente, as administracións educativas poderán nomear con carácter excepcional, como funcionarios interinos para esas prazas orixinadas pola pandemia da COVID-19, tamén aqueles aspirantes ás especialidades demandadas que non cumpran nese momento co requisito de estar en posesión do título oficial de formación pedagóxica e didáctica de posgrao, ou equivalente, a que se refiren o artigo 100.2 e a disposición adicional novena da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, e a Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro.

Os aspirantes que non posúan a formación pedagóxica e didáctica de posgrao ou equivalente exixida deberán estar en posesión de todos os demais requisitos establecidos para o acceso á docencia e o seu nomeamento, que terá un carácter excepcional, non poderá prolongarse, en ningún caso, máis alá da finalización do curso en que as autoridades competentes determinen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19, nin trasladarse a postos ou prazas diferentes dos determinados no número 1 deste artigo.

3. O réxime xurídico e económico de todos os funcionarios interinos, nomeados con carácter excepcional, para prazas necesarias para a atención docente orixinada pola

pandemia da COVID-19, aos cales se refire o número anterior, será equivalente ao correspondente aos funcionarios interinos. Os servizos prestados serán recoñecidos para os efectos previstos na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública, e na normativa vixente para o ingreso na función pública. Non obstante, o seu eventual ingreso na función pública docente exixirá o cumprimento de todos os requisitos establecidos na normativa aplicable, incluído estar en posesión do título oficial de posgraio de formación pedagóxica e didáctica, ou equivalente.

Artigo 3. *Procedementos selectivos para estabilización de emprego temporal.*

Os procedementos selectivos de ingreso que se realicen en execución das ofertas públicas de emprego que, ao abeiro do disposto no número 6 do artigo 19.un da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e do número 9 do artigo 19.un da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sexan aprobadas polas distintas administracións educativas e publicadas nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2021, tendo en conta a ampliación prevista no artigo 11 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, axustaranse aos criterios establecidos na disposición transitoria terceira do Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, até a finalización dos procesos selectivos derivados das ofertas públicas de emprego a que se refire este artigo.

CAPÍTULO III

Medidas en materia de ensino non universitario

Artigo 4. *Adaptación do currículo e das programacións didácticas.*

Co obxecto de facilitar a elaboración das programacións didácticas e a súa adaptación ás circunstancias derivadas das decisións sobre a presencialidade do alumnado nos centros, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, aos cales se refiren os artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terán carácter orientativo para os centros.

Artigo 5. *Criterios de avaliación e promoción en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

1. As administracións educativas poderán autorizar a modificación dos criterios de avaliación previstos para cada curso e, de ser o caso, materia, co fin de valorar especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo e a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para traballar en equipo e, no caso do bacharelato, para aplicar os métodos de investigación apropiados.

2. Os centros docentes, de acordo co regulado, de ser o caso, polas administracións educativas, poderán modificar, de maneira excepcional, os criterios de promoción en todos os cursos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, así como na correspondente promoción de primeiro a segundo de bacharelato. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional que adoptará, en todo caso e de maneira colexiada, o equipo docente en función da evolución académica do estudante, globalmente considerada, sen que poidan ser a causa unicamente as posibles materias que puidesen quedar sen superar na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

Artigo 6. Criterios para a titulación na educación secundaria obrigatoria e en bacharelato.

Os equipos docentes adoptarán as decisións relativas á obtención do título de acordo co regulado, de ser o caso, polas administracións educativas, de forma colexiada, baseándose, para o de graduado en educación secundaria obrigatoria, na adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias, e para o de bacharelato, na evolución do alumno ou alumna no conxunto das materias, e na súa madurez académica en relación cos obxectivos do bacharelato e as competencias correspondentes. A decisión de titulación adoptarase garantindo a adquisición dos obxectivos xerais da etapa de maneira que permitan ao alumno ou alumna continuar o seu itinerario académico e, en consecuencia, non quedará supeditada á non existencia de materias sen superar para o acceso a ambas as titulacións. En todo caso, para a obtención do título de bacharelato será necesaria unha cualificación media igual ou superior á requirida para a superación de cada materia.

Artigo 7. Supresión das avaliacións de final de etapa previstas nos artigos 21 e 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A partir do curso 2020-2021, e con vixencia indefinida, non se realizarán as seguintes avaliacións finais:

a) De educación primaria, recollida no artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e no artigo 3 do Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

b) De educación secundaria obrigatoria, establecida no artigo 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e no artigo 2 do Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Artigo 8. Cómputo do calendario escolar.

Para efectos do límite de días lectivos no ensino obrigatorio, regulados na disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, consideraranse días lectivos todos aqueles en que exista unha atención e apoio educativo ao alumnado, tanto presencial como a distancia, até que se normalice a situación xerada na escolaridade como consecuencia das necesidades derivadas das medidas de contención sanitaria.

Artigo 9. Medidas no ámbito da formación profesional do sistema educativo.

1. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán aplicar as medidas contidas no presente artigo naqueles ciclos formativos en que as circunstancias excepcionais derivadas da pandemia orixinada pola COVID-19 non permitan contar coas empresas requiridas para a realización da formación en centros de traballo.

2. Poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de Formación en Centros de Traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia correspondente ao traballo a tempo completo de seis meses, relacionada cos estudos profesionais respectivos.

3. Poderase autorizar a redución excepcional do módulo de Formación en Centros de Traballo ao mínimo de horas determinadas nos reais decretos que establecen cada título e as súas ensinanzas mínimas.

4. Cando non sexa posible realizar a estancia en empresas, propia da formación en centros de traballo, por falta de empresas de acollida, poderá substituírse a dita formación por unha proposta de actividades asociadas ao ámbito laboral, de acordo co seguinte:

a) O centro educativo poderá deseñar unha proposta de actividades asociadas ao ámbito laboral que se aproxime na maior medida posible á realidade profesional.

b) Nos ciclos formativos de grao superior, poderá establecerse un módulo integrado que comprenda o módulo de Proxecto e o módulo de Formación en Centros de Traballo, cunha duración total de duascentas corenta e cinco horas, e cuxa cualificación se realizará de maneira numérica respecto da parte do módulo de Proxecto, e como apto ou non apto respecto da parte do módulo de Formación en Centros de Traballo.

c) Nos currículos de formación profesional básica e nos ciclos formativos de grao medio poderá incorporarse un módulo de Proxecto que integrará as actividades polas que se substitúa a formación en centros de traballo, cuxa avaliación será de apto ou non apto.

5. Poderán permitir o cambio de matrícula de modalidade dual a ordinaria naqueles casos en que non sexa posible a continuidade do curso escolar na mesma modalidade formativa por cambios na situación da empresa. En todo caso, garantirase o retorno á modalidade dual en canto a situación da empresa o permita.

Artigo 10. *Criterios de avaliación, promoción e titulación en formación profesional.*

As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán aplicar as seguintes medidas para a avaliación, promoción e titulación na formación profesional:

a) Autorizar a modificación dos criterios de avaliación previstos para cada módulo profesional de acordo coas adaptacións metodolóxicas que fose preciso realizar.

Así mesmo, poderán autorizar mecanismos diferentes aos previstos para a realización das avaliacións na oferta de modalidade a distancia.

b) Adaptar, de maneira excepcional, os criterios de promoción en todas as ensinanzas de formación profesional.

c) Adaptar os criterios de titulación, atendendo a principios xerais de adquisición da competencia xeral do título.

Artigo 11. *Medidas para as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño.*

1. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán aplicar as medidas contidas no artigo 9, tamén para os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño en relación coa fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

2. Na aplicación desas medidas, previstas para a substitución da formación práctica, cando non sexa posible a súa realización, teranse en conta as especificidades destas ensinanzas, tanto nos ciclos formativos de grao medio como nos ciclos formativos de grao superior, para o que se poderán efectuar as adaptacións que sexan necesarias do disposto no artigo 9.

Artigo 12. *Medidas para as ensinanzas artísticas superiores.*

1. Nas ensinanzas superiores de Danza, Deseño, Artes Plásticas e Conservación e Restauración de Bens Culturais, as administracións educativas competentes poderán establecer que as prácticas externas se realicen de maneira integrada co traballo fin de estudos ou con algunha materia de perfil práctico pertencente ao bloque de materias obrigatorias de especialidade. O número total de créditos ECTS asignado corresponderá á suma da asignación establecida para as ditas prácticas, traballo fin de estudos ou materia nos reais decretos 632/2010, 633/2010, 634/2010 e 635/2010, do 14 de maio, nos cales se regulan as citadas ensinanzas artísticas.

2. Así mesmo, as administracións educativas, no exercicio das súas competencias, poderán adaptar as medidas previstas no número anterior aos plans de estudos que establecesen no seu respectivo ámbito territorial para as ensinanzas superiores de Arte Dramática e de Música, cuxos contidos básicos se regulan nos reais decretos 630/2010 e 631/2010, do 14 de maio.

Artigo 13. *Medidas para as ensinanzas deportivas.*

1. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán autorizar a redución excepcional do módulo de Formación Práctica, ao mínimo de horas determinadas nos reais decretos que establecen cada título e as súas ensinanzas mínimas.

2. Cando non sexa posible realizar a estancia en organizacións deportivas ou laborais propia da formación práctica, poderá substituírse a dita formación por unha proposta de actividades asociadas ao ámbito deportivo en que se estean desenvolvendo os módulos prácticos dos correspondentes ciclos formativos.

Artigo 14. *Medidas para as ensinanzas de idiomas.*

1. As administracións educativas poderán adaptar para o seu ámbito territorial as condicións en que o alumnado matriculado nalgún dos niveis das ensinanzas de idiomas poida promocionar dun curso a outro dentro do dito nivel, o acceso dun nivel ao seguinte sen ter obtido a certificación oficial correspondente ao nivel anterior, así como os criterios de permanencia establecidos.

2. Para a obtención do certificado correspondente a cada un dos niveis intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas será en todo caso necesaria a superación da proba a que se refire o Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Sen prexuízo do anterior, as administracións educativas poderán adaptar os criterios de avaliación recollidos no artigo 4.4 do mencionado Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, pero tendo en conta que para obter a certificación será necesario superar a proba, para o cal deberá obterse unha puntuación mínima correspondente ao cincuenta por cento da puntuación total e unha puntuación mínima do cincuenta por cento en cada unha das cinco partes de que consta a dita proba.

3. Do mesmo modo, as administracións educativas poderán arbitrar outras medidas de adecuación con respecto á data e ao número de convocatorias de probas de certificación que vaian realizar para alumnado oficial e libre.

CAPÍTULO IV

Medidas excepcionais sobre as condicións de formación para a docencia nos centros privados non universitarios

Artigo 15. *Medidas excepcionais sobre as condicións de formación nos centros privados.*

1. Cando pola situación derivada da pandemia provocada pola COVID-19, e para as materias, módulos ou ámbitos para os que as ofertas de emprego que realicen os centros privados non poidan ser atendidas por persoas que contén coa formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou coa formación equivalente exixida, poderán, excepcionalmente, impartir docencia as persoas que reúnan os restantes requisitos exixidos, para a atención das necesidades xurdidas mentres dure esta situación.

2. Desde o inicio do curso seguinte a aquel durante o cal as autoridades correspondentes determinasen que deixaron de concorrer as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia xerada pola COVID-19, a totalidade do profesorado que imparta docencia nos centros privados deberá reunir, integramente, os requisitos e condicións de formación para a docencia exixidos para os centros privados non universitarios en cada un dos seus niveis e etapas.

CAPÍTULO V

Medidas en materia de formación profesional para o emprego

Artigo 16. *Medidas no ámbito de certificados de profesionalidade da formación profesional para o emprego.*

1. Cando non sexa posible a realización efectiva nun ámbito empresarial do módulo de Formación Práctica en Centros de Traballo dos certificados de profesionalidade, as administracións competentes, logo de solicitude da entidade de formación, poderán autorizar os centros que impartan estes certificados de profesionalidade a adoptar algunha das seguintes medidas, de acordo coa orde de prioridade con que figuran enunciadas:

a) Substituír o módulo de Prácticas en Centros de Traballo polo desempeño dun posto de traballo vinculado ás ocupacións especificadas na normativa reguladora do certificado de profesionalidade a que o dito módulo se adscribe.

b) Ampliar o período para a realización do módulo de Formación Práctica en Centros de Traballo.

c) Realizar o módulo de Prácticas no propio centro de formación.

d) Excepcionalmente, substituír o módulo de Prácticas en Centros de Traballo pola realización dun proxecto vinculado ás actividades que, no marco do citado módulo, debían desenvolverse no ámbito laboral.

2. A avaliación e o seguimento do módulo de Formación Práctica en Centros de Traballo, cuxa realización se efectúe de acordo coas letras a), c) ou d) do número 1 deste artigo, non requirirá a colaboración do titor designado pola empresa, e quedará recollida documentalmente mediante a cualificación de apto ou non apto polo titor deste módulo que designase o centro de formación que imparta a acción formativa de certificados de profesionalidade en que tal módulo se integra.

Disposición derradeira primeira. *Salvagarda do rango de certas disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, poidan realizarse respecto ás normas regulamentarias que son obxecto de modificación por el poderán efectuarse mediante normas do mesmo rango que as que se modifican no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habílanse o Goberno e a ministra de Educación e Formación Profesional, respectivamente, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase con carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais; do artigo 149.1.18.^a, que lle atribúe as bases do réxime estatutario dos funcionarios, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas, e do artigo 149.1.30.^a, que lle atribúe a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de setembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN